


# Informe de avaliación do PAT

## Curso 2023/2024



Data de aprobación en CGC: 21/11/2024

## I. INTRODUCCIÓN

Neste informe recóllense as principais accións de orientación e apoio levadas a cabo no Plan de Acción Tutorial (PAT) das titulacións da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, Grao en Enxeñaría Aeroespacial, Máster en Sistemas Aéreos non Tripulados e Máster en Enxeñaría Aeronáutica, durante o curso 2023/2024.

O PAT da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración do estudantado na vida universitaria e atender ás súas necesidades formativas e informativas. Este documento foi aprobado na Comisión de Calidade o 24/4/2020 e ratificado pola Xunta de Escola o 7/5/2020. A última modificación foi aprobada en Xunta de Escola o 27/07/2021.

Os principais axentes implicados no desenvolvemento destas actividades son o/a director/a do centro, o/a coordinador/a do PAT, os distintos coordinadores (grao e máster, cursos, prácticas externas, TFG/TFM) e a Comisión de Calidade, que vela porque o procedemento de orientación ao estudantado do centro cumpra os requisitos e estea permanentemente actualizado.

Os destinatarios deste PAT son os e as estudantes, a quen se dirixen as actuacións programadas co fin último de favorecer a consecución das súas metas académicas e persoais ligadas á etapa universitaria.

## II. ACTIVIDADES DO PAT

Estas actividades poden agruparse fundamentalmente en:

### 1. Accións de acollida

A xornada de benvida tivo lugar o día 7 de setembro de 2023 e estaba dirixida ao estudantado de novo ingreso. Esta xornada foi publicada na páxina web da escola en nas redes sociais.

A estrutura básica desta sesión é a mesma que a de cursos anteriores. O director do centro, o coordinador de grao, o subdirector de organización académica e o coordinador do PAT dan toda a información sobre o título: organización de horarios, distribución de grupos, calendario de exames, plataformas informáticas, listas de distribución de correo. Ademais contouse coa presenza de persoal de atención ao estudantado, do servizo de biblioteca, do servizo de deportes e do servizo de Atención Psicopedagóxica.

Tamén se presenta información sobre a Delegación de Alumnos e as distintas asociacións de estudantes da escola: UvigoMotorsport, Uvigo Aerotech e UvigoSpacelab.

Así mesmo, o día 7 de setembro tamén se realizou a xornada de benvida para os alumnos que iniciaron os estudos do Máster en Enxeñaría Aeronáutica na nosa escola. A coordinación do máster, xunto con profesorado do mesmo, informaron sobre a estrutura e organización da súa docencia, localización das guías docentes na páxina web e datos de contacto dos profesores responsables, así como dos coordinadores de primeiro e segundo curso, prácticas en empresa, coordinador de TFM e mobilidade.

O día 12 de setembro realizouse a correspondente xornada de benvida para os alumnos que iniciaron os estudos do Máster e Sistemas Aéreos non Tripulados na EEAE, seguindo unha estrutura similar a realizada no Máster en Enxeñaría Aeronáutica.

## 2. Accións informativas e de orientación profesional

Este bloque ten como destinatario principal o estudantado do segundo, terceiro e cuarto curso do grao e o estudantado de ambos títulos de máster.

### Orientación sobre mobilidade

Respecto ao plan de mobilidade, organizáronse dúas reunións por parte da coordinadora de mobilidade, unha o día 9 de outubro e outra o 26 de outubro de 2023. Nelas presentáronse as distintas convocatorias de mobilidade recordando ao estudantado a necesidade de dispor do certificado de idiomas correspondente ao destino solicitado. Tamén se atenderon titorías de forma individualizada.

### Orientación sobre igualdade

A coordinadora de igualdade promoveu o VII Concurso Escolar de creación artística Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia, así como a feira de divulgación científica Exxperimenta en Feminino. Así mesmo tamén se informou do itinerario formativo virtual en Xénero composto por 24 cursos de distintos ámbitos. Esta formación busca introducir a perspectiva de xénero na formación da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

### Orientación sobre prácticas en empresa curriculares e extracurriculares

En relación ás prácticas curriculares, o estudantado de cuarto curso do grao, ten acceso a un espazo na plataforma Moovi chamada Prácticas en empresas onde está actualizada toda a información relativa as ditas prácticas: anuncios, formularios oficiais, listado de prazas ofertadas, intercambio de documentación e seguimento das prácticas. Tamén se emprega o correo electrónico para as comunicacións que poidan ser de interese para o estudantado.

O coordinador de prácticas externas organizou unha reunión o 31 de xaneiro cos estudantes de 3º e 4º do Grao en Enxeñaría Aeroespacial e do Máster en Enxeñaría Aeronáutica. Principalmente, para informar dos cambios que se introducen por mor da necesidade de cotizar á Seguridade Social.

O soporte do coordinador faise por vía telemática e presencial para resolver dúbidas sobre procedementos, presentar as opcións dispoñibles e estudar a adecuación estudante-oferta.

O estudantado do Máster en Enxeñaría Aeronáutica non realizou prácticas externas porque só estaba implantado o primeiro curso.

### Orientación sobre as mencións do Grao en Enxeñaría Aeroespacial

O martes 30 de abril realizouse unha charla sobre as mencións para o estudantado de 2º curso do grao, de xeito que poidan facerse unha idea das dúas mencións que existen no título e que poidan elixir con máis información. Varios profesores de materias de mención explicaron as súas materias, mentres que o resto o fixo mediante un parágrafo resumo da materia.

Por parte da representación do estudantado de 3º e 4º, realizouse unha presentación e responderon ás dúbidas dos seus compañeiros de 1º e 2º.

### Orientación sobre TFG

O coordinador de TFG mantivo contacto vía correo electrónico co estudantado matriculado e cos seus titores para informar sobre as características do traballo e as datas importantes:

- Información de apertura de Moovi, calendario e listado de temáticas.
- Explicación do proceso de TFG: Información sobre a portada, o formato e a estrutura do TFG.
- Apertura e fin do prazo de solicitude de asignación de TFG.
- Datas das distintas convocatorias de presentación e defensa.

### Orientación sobre saídas profesionais

De forma transversal para todos os cursos do grao e do máster, celebráronse ciclos de conferencias a través do Foro Aero, onde se presentan distintas saídas profesionais.

- Título: Spacecraft Systems and Operations Engineering Hera: Planetary Defense Mission. Relator: Pablo Sueiro Martínez. Entidade: Hera. Data: 10 de outubro de 2023.
- Título: Misiões espaciais a Xúpiter. Relator: Yasmina Martos / Ali Ravanbakhsh. Entidade: NASA/Max Planck Institute. Data: 19 de outubro de 2023.

- Título: Innovación sen crecemento: ciencia, tecnoloxía e innovación nunha era pos-crecemento. Relator: Mario Pansera. Entidade: Universidade de Vigo. Data: 6 de novembro de 2023.
- Título: Enxeñaría aeronáutica: saídas profesionais. Relator: Santiago Carmona Sánchez. Entidade: Colexio Oficial de Enxeñeiros Aeronáuticos de España. Data: 27 de novembro de 2023.
- Título: Materiais adhesivos e ensaios realizados en aeronáutica. Relator: Carolina Martín Yebra. Entidade: 3M Iberia. Data: 21 de febreiro de 2024.
- Título: Presente e futuro do voo sen motor. Enxeñaría do voo sen motor. Relator: Emilio Iglesias Touriño. Data: 5 de marzo de 2024.
- Título: Materiais na industria aeroespacial: requisitos particulares, selección, deseño e mecanismos de fallo. Relator: María García Martínez, Juan García Martínez. Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial. Data: 25 de abril de 2024.

Tamén se iniciou un novo ciclo de coloquios, no que os protagonistas son empresas relacionadas co sector aeronáutico interesadas en establecer convenios de prácticas que permitirán abrir o mercado laboral do estudiantado da escola. Este ciclo chamábase “Aero-Emprego”. Este curso houbo dúas presentacións:

- Anibal Ollero, Director Científico de CATEC “Centro Avanzado de Tecnologías Aeroespaciales”: De la Investigación a la innovación y la transferencia tecnológica. Data: 22 de abril de 2024.
- Lidia Gómez Quejido, Enxeñeira Técnica Aeronáutica na especialidade de aeronavegación pola Universidad Politécnica de Madrid. Presenta á empresa CAE. Data: 3 de maio de 2024.

Este curso tamén se celebrou o I Foro Alumni da EEAE, con motivo do 12 de abril, Día Internacional dos Voos Espaciais Tripulados. O obxectivo era presentar as distintas saídas profesionais que tomaron as e os egresados do grao.

## Estudiantado incluído no PIUNE

O estudiantado recibiu información sobre o programa PIUNE durante a xornada de acollida. Con posterioridade, o estudiantado que solicitou entrar neste programa tivo as necesarias entrevistas por parte de especialistas que remitiron as pautas de adaptación ao coordinador PIUNE na escola. Á súa vez, o coordinador PIUNE remitiu as pautas de cada estudante ao profesorado das materias que cursaba, ao tempo que realizou reunións periódicas co estudiantado.

## Titulación de Máster en Sistemas Aéreos non Tripulados

O coordinador do máster é o responsable da titorización do estudiantado. Tanto no período de admisión e matrícula como durante o curso académico os e as estudantes poden

contactar co coordinador e consultar sobre as diferentes opcións de matrícula, a tempo completo ou a tempo parcial, en función das súas condicións persoais, e os distintos itinerarios que pode seguir no máster en función dos seus intereses persoais.

Tamén mantivo contacto vía correo electrónico co estudiantado matriculado no TFM e cos seus titores para informar sobre as características do traballo e as datas de presentación e defensa.

### Titulación de Máster en Enxeñaría Aeronáutica

Ademais da xornada de benvinda, realizáronse dúas xornadas de captación de estudantes, unha para os alumnos de 4º curso do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, celebrada o día 1 de febreiro, que contou coa axuda de tres alumnos do máster para dita presentación, e unha segunda xornada, dirixida aos alumnos de terceiro curso do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, celebrado o 2 de maio que tamén contou coa axuda de alumnos do propio máster.

Realizouse unha reunión de presentación das materias optativas de segundo curso do Máster de Enxeñaría Aeronáutica o xoves 25 de abril para os alumnos de primeiro curso. Na xornada participaron todos os profesores das materias optativas mais a coordinadora do máster.

Durante o curso 23/24 só se implantou o primeiro curso da titulación do Máster en Enxeñaría Aeronáutica, polo que ningún alumno se matriculou do TFM.

En canto a actividades de formación, o máster participou na financiación do Foro Aero do 25 de abril que presentarán dous relatores do INTA e organizou un curso de formación de 10 horas en Técnicas de Optimización con Aplicación á Enxeñaría Aeroespacial, impartido por profesorado da UPM. O curso celebrouse en febreiro e marzo do 2024.

### III. AVALIACIÓN DO PAT

Respecto á avaliación do PAT consideramos que, durante este curso se cumpriron os obxectivos fixados sobre o seguimento, a planificación e o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.